



Xosé Rúas con su libro.

## “Quero ser presidente”, nuevo libro de Xosé Rúas

SANTIAGO • Agencias

“Quero ser presidente. Claves da comunicación electoral” é o título do novo libro do profesor e xornalista Xosé Rúas Araújo. Un ensaio sobre comunicación electoral que onte foi presentado no Campus de Pontevedra polo autor, o editor Henrique Alvarellos e o decano Alberto Pena, na Facultade de CC Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

O autor sinalou que “o que pretendín foi facer un libro divulgativo que mostrase a cara oculta das campañas electorais. Tiven a oportunidade de coñecer ben aos políticos, como xornalista, como docente e estudioso do tema, e tamén como asesor”. E continúa: “Na política non hai verdades absolutas aínda que o pareza vendo moitas campañas electorais; nelas dase unha verdadeira polarización, onde todo é branco ou negro”.

### O primeiro en Galicia

O decano da Facultade de CC Sociais e da Comunicación, Alberto Pena, destacou que “este é o primeiro manual deste tipo que se publica en Galicia”.

O editor, Henrique Alvarellos, subliñou que “a obra ensina qué debe vestir o candidato, cómo falar, de qué equipo rodearse, como preparar un mitin, saudar á xente, como tratar aos medios de comunicación. Todo un tratado válido para calquera que aspire dende a ser presidente dunha comunidade de veciños ata presidente de goberno”.

Xosé Rúas utiliza neste volume a súa dilatada traxectoria como xornalista, columnista, profesor, investigador universitario e asesor de comunicación política para